



te

traballadores/as do ensino



ensino

2026

**MATERNIDADE, ADOPCIÓN,
ACOLLEMENTO E LACTACIÓN
DOCENTES ENSINO PÚBLICO**

ccooensino.gal

te

traballadores/as do ensino

ccoensino.gal



Permisos

1. Tratamentos de fecundación asistida
2. Permiso para exames prenatais e técnicas de preparación ao parto
3. Permiso para a situación de estado de xestación 3
4. Permiso por nacemento para a nai biolóxica 4
5. Permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple 5
6. Permiso da persoa proxenitora diferente á nai biolóxica por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento 6
7. Permiso por lactación 8
8. Permiso por nacemento de fillos/as prematuros/as ou que por calquera causa deban permanecer hospitalizados tras o parto
9. Permiso parental para o coidado de fillo, filla ou menor acollido/a 9
10. Permiso para acompañamento a consultas médicas incluídas no sistema sanitario público e por deber inescusable 10

Licenzas

1. Risco durante o embarazo ou durante o período de lactación natural de menor de 12 meses
2. Hospitalización prolongada 11

Excedencias

1. Coidado de fillos/as 12

Reducións de xornada

1. Coidado de familiares por enfermidade moi grave
2. Coidado de fillo/a menor afectado/a por cancro ou outra enfermidade grave
3. Garda legal 13

Deducións, prestacións e axudas

1. Dedución estatal por maternidade
2. Dedución autonómica por nacemento ou adopción de fillos/as 14
3. Dedución autonómica por familias de dous ou máis fillos/as
4. Dedución autonómica por acollemento
5. Dedución autonómica por coidado de fillos/as 15
6. Dedución autonómica por adquisición de libros de texto e material escolar
7. Prestación económica por parto ou adopción múltiple 16
8. Prestación económica por nacemento ou adopción de fillos/as en supostos de familias numerosas, monoparentais e en casos de persoas proxenitoras con discapacidade
9. Prestación económica por fillo/a ou menor en acollemento con discapacidade 17
10. Tarxeta benvida
11. Gratuidade de escolas infantís 18
12. Bono concilia familia 19

Efectos derivados da maternidade 20

Pasos para seguir despois do parto 21

Referencias legislativas 22

Novos permisos de conciliación 23

1. Tratamentos de fecundación asistida

- Permiso retribuído para a realización de tratamentos de fecundación asistida, polo tempo necesario.
- É preciso xustificar previamente a necesidade de realizalos dentro da xornada de traballo.
- Se a necesidade de desprazamento para recibir o tratamento o xustifica, a duración do permiso será de dous días hábiles.
- O persoal funcionario ten o mesmo dereito e nas mesmas condicións para acompañar o seu cónxuxe ou parella de feito a tratamentos de fecundación asistida.

Referencias lexislativas

- Artigo 115 da Lei 2/2015
- Artigo 10 da Orde 29/01/16

2. Permiso para exames prenatais e técnicas de preparación ao parto

- Permiso retribuído que inclúe:
 - Asistencia aos exames prenatais e técnicas de preparación ao parto, polo tempo necesario.
 - Asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade, polo tempo necesario para a súa práctica e logo de xustificar a necesidade de realizalos dentro da xornada de traballo (nos casos de adopción ou acollemento ou garda con fins de adopción)
- En todos os casos, pode usalo tamén o cónxuxe ou parella de feito.
- É necesario xustificar a necesidade de facelos durante a xornada laboral.

Referencias lexislativas

- Artigo 114 da Lei 2/2015
- Artigo 9 da Orde 29/01/16

3. Permiso para a situación de estado de xestación

- Permiso retribuído a partir do día primeiro da semana 37 de embarazo e ata a data do parto.
- No suposto de xestación múltiple, este permiso poderase iniciar o primeiro día da semana 35 de embarazo e ata a data do parto.
- É acumulable ao permiso por parto.

Referencias lexislativas

- Artigo 17 bis da Orde 29/01/16, modificada pola ORDE do 24/02/16

4. Permiso por nacemento para a nai biolóxica

- **Permiso retribuído que ten unha duración de 22 semanas** e se distribuirá da seguinte maneira:
 - **Seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao parto** serán obrigatorias e terán que gozarse a xornada completa.
 - **Catorce semanas** (22 semanas en caso de familia monoparental), **que poderán distribuírse a vontade da nai** en períodos semanais para gozalos de forma acumulada ou interrompida, e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto **ata que o/a fillo/a cumpra doce meses**.
 - **Dúas semanas** (catro semanas en caso de familia monoparental) **para o coidado do menor, que poderían distribuírse a vontade da nai**, en períodos semanais de forma acumulada ou interrompida **ata que o/a fillo/a cumpra os oito anos**.
- Ampliarase o permiso nos seguintes casos:
 - a. Discapacidade do fillo/a: dúas semanas máis (unha para cada persoa proxenitora).
 - b. Partos múltiples: dúas semanas máis por cada fillo/a a partir do segundo/a (unha para cada persoa proxenitora).
 - c. Partos prematuros e aqueles en que o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto: tantos días como o neonato deba estar hospitalizado, ata un máximo de trece semanas adicionais.
 - d. En caso de familias monoparental, por existir unha única proxenitora, o permiso abranguerá 32 semanas.
- Este permiso constitúe un **dereito individual da nai biolóxica, sen que poida transferirse o seu exercicio**.
- No caso de **falecemento da nai, a outra persoa proxenitora poderá usar a totalidade ou o que reste do permiso**. Descontarase, de ser o caso, o período de duración do permiso consumido pola nai falecida.
- No suposto de **falecemento de fillo/a, o permiso non se ve reducido**, salvo que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación ao posto de traballo.
- O permiso tampouco se verá reducido en caso de **falecemento do neonato** ou de que o embarazo non sexa a termo, sempre que a xestación sexa igual ou superior a 180 días.
- **Agás as seis semanas de descanso obrigatorio tras o parto, as restantes semanas poderán gozarse a xornada completa ou a tempo parcial**, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determinen.
- **No caso de gozo interrompido do permiso requirirase**, para cada período de gozo, un **preaviso de, polo menos, quince días e realizarse por semanas completas**.
- En caso das **dúas semanas para o coidado do/da menor** que poden gozarse ata que o/a fillo/a cumpra 8 anos, **cando concorran en ambas as persoas proxenitoras**, adoptantes ou acolledoras polo mesmo suxeito e feito causante **e o período solicitado altere seriamente o correcto funcionamento da unidade da administración** na que ambas presten servizos, **esta poderá aprazar a concesión do permiso por un período razoable**, xustificándoo por escrito e despois de ofrecer unha alternativa de gozo máis flexible.

- **Durante o aproveitamento deste permiso, unha vez finalizado o período de descanso obrigatorio, poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.**
- Para os efectos do disposto neste apartado, **o termo de «nai biolóxica» inclúe tamén as persoas trans xestantes.**

Referencias legislativas

- Artigo 8 do Real decreto 295/2009
- Artigo 121 da Lei 2/2015
- Artigo 17 da Orde 29/01/16
- Artigo 6 da Lei 3/2018, de medidas fiscais e administrativas
- Artigo 3, Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo
- Artigo 2, Real decreto lei 9/2025, do 29 de xullo
- Artigo 42, da Lei 5/2025, de medidas fiscais e administrativas

5. Permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple

- **Permiso retribuído, cunha duración de 22 semanas**, que se distribuirá da seguinte maneira:
 - **Seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores á resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda con fins de adopción** ou de acollemento, serán obrigatorias e terán que gozarse a xornada completa.
 - **Catorce semanas** (22 semanas en caso de familia monoparental), **que poderán distribuírse a vontade da nai**, en períodos semanais para gozalas de forma acumulada ou interrompida e exercitarse **desde a finalización do descanso obrigatorio** posterior ao feito causante dentro dos doce meses contados ben desde o nacemento do/da fillo/a, ben desde a resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento.
 - **Dúas semanas** (catro semanas en caso de familia monoparental) **para o coidado do/da menor que poderían distribuírse a vontade da nai** en períodos semanais de forma acumulada ou interrompida **ata que o/a fillo/a cumpra os 8 anos.**
- Ampliarase o permiso nos seguintes casos:
 - a. **Discapacidade do/a menor adoptado/a ou acollido/a:** dúas semanas máis (unha para cada persoa proxenitora).
 - b. **Adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple:** dúas semanas máis por cada fillo/a a partir do segundo/a (unha para cada persoa proxenitora).
 - c. En caso de familias monoparentais, **por existir unha única persoa proxenitora**, o permiso abranguerá 32 semanas.
- Os supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, recollidos neste artigo son os que así se establezan na normativa aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia. O acollemento simple deberá ter unha duración non inferior a un ano.
- Este permiso constitúe un **dereito individual das persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledoras, homes ou mulleres, sen que poida transferirse o seu exercicio.**

- **Agás as seis semanas de descanso obrigatorio** posteriores á resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda con fins de adopción o de acollemento, **as restantes semanas poderán aproveitarse a xornada completa ou a tempo parcial**, cando as necesidades do servizo o permitan, e nos termos que regulamentariamente se determinen.
- En caso das **dúas semanas para o coidado do menor que poden gozarse ata que o/a fillo/a cumpra 8 anos**, cando concorran en ambas as persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledoras pola mesma persoa e feito causante e o período solicitado altere seriamente o correcto funcionamento da unidade da administración na que ambas presten servizos, **esta poderá aprazar a concesión do permiso por un período razoable**, xustificándoo por escrito e despois de ofrecer unha alternativa de gozo máis flexible.
- **Durante o gozo do permiso previsto neste artigo**, unha vez **finalizado o período de descanso obrigatorio**, o persoal funcionario **poderá participar nos cursos de formación que convoque a Administración**.
- O persoal funcionario terá dereito ao **permiso polo tempo indispensable para asistir ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade que deban realizarse dentro da xornada de traballo**.
- Nos casos de **adopción ou acollemento internacionais**, o persoal funcionario ten dereito, se for necesario o desprazamento previo ao país de orixe do/da menor, **a un permiso de tres meses de duración, fraccionables** a elección da persoa titular do dereito, **e durante os cales se percibirán exclusivamente as retribucións básicas**.
- Con independencia do previsto na alínea anterior, nos casos recollidos neste artigo o **permiso por adopción ou acollemento pode iniciarse ata catro semanas** antes da efectividade da resolución xudicial pola que se constituía a adopción ou da efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento.

Referencias lexislativas

- Artigo 8 do Real decreto 295/2009
- Artigo 122 da Lei 2/2015
- Artigo 18 da Orde 29/01/16
- Artigo 6 da Lei 3/2018, de medidas fiscais e administrativas
- Artigo 3, Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo
- Artigo 2, Real decreto lei 9/2025, do 29 de xullo
- Artigo 42, da Lei 5/2025, de medidas fiscais e administrativas

6. Permiso da persoa proxenitora diferente á nai biolóxica por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento

- **Permiso retribuído cunha duración de 19 semanas, que se distribuirá da seguinte maneira:**
 - **Seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao parto, á resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento**, serán obrigatorias e terán que gozarse a xornada completa.

- **Once semanas** (22 semanas no caso de familia monoparental), **que poderán distribuírse en períodos semanais** para gozar de forma acumulada ou interrompida e exercitarse **desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao feito causante dentro dos doce meses**, contados ou ben desde o nacemento do fillo ou filla, ou ben desde a resolución xudicial pola que se constitúe a adopción, ou ben desde a decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento.
- **Dúas semanas** (catro en caso de familia monoparental) **para o coidado de menor**, que poderán distribuírse en períodos semanais de forma acumulada ou interrompida **ata que o fillo ou a filla faga os 8 anos**.
- Este permiso constitúe un **dereito individual das persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledoras, homes ou mulleres, sen que poida transferirse o seu exercicio**.
- **Agás as seis semanas de descanso obrigatorio** tras o nacemento, resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento, **as restantes semanas poderán gozarse a xornada completa ou a tempo parcial**, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determinen.
- **No caso do gozo interrompido do permiso** requirirase, para cada período de gozo, un **preaviso de, polo menos, quince días** e realizarse por semanas completas.
- **No caso de optar polo gozo do presente permiso con posterioridade á semana 22 do permiso por nacemento**, por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, se a persoa proxenitora que goza deste último permiso solicita a acumulación do tempo de lactación dun fillo ou filla menor de doce meses en xornadas completas do permiso regulado no artigo 112, será ao remate dese período cando se dará inicio ao cómputo das semanas restantes do permiso da outra persoa proxenitora, resultantes de descontar á totalidade do permiso que corresponda as seis semanas xa gozadas como descanso obrigatorio posteriores ao feito causante.
- En caso das **dúas semanas para o coidado do menor** que poden gozarse ata que o/a fillo/a cumpra 8 anos, **cando concorran en ambas as persoas proxenitoras, adoptantes, ou acolledoras polo mesmo suxeito e feito causante e o período solicitado altere seriamente o correcto funcionamento da unidade da administración** na que ambas presten servizos, **esta poderá aprazar a concesión do permiso por un período razoable**, xustificándoo por escrito e despois de ofrecer unha alternativa de gozo máis flexible.
- **O permiso previsto neste artigo é independente do uso compartido do permiso por parto** ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.
- **O persoal funcionario que estea a gozar do permiso por parto** ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento pode usar o permiso previsto neste artigo inmediatamente a continuación da finalización do período de duración daquel **nos seguintes supostos**:
 - a. **Cando a persoa titular do dereito falecese** antes da utilización íntegra do permiso, pola parte que reste.
 - b. **Se a filiación da outra persoa proxenitora non está determinada**.
 - c. **Cando unha resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio, iniciado antes da utilización do permiso**, lle recoñeza á persoa que estea a gozar deste a garda do fillo ou da filla.

Referencias legislativas

- Artigo 8 do Real decreto 295/2009
- Artigo 124 da Lei 2/2015
- Artigo 19 da Orde 29/01/16
- Artigo 3, Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo
- Artigo 2, Real decreto lei 9/2025, do 29 de xullo
- Artigo 42, da Lei 5/2025, de medidas fiscais e administrativas

7. Permiso por lactación

- **Permiso retribuído de catro semanas ou 150 horas, que debe gozarse antes de que o menor cumpra 12 meses.**
- **Podería gozarse de dúas formas:**
 - a. **Dereito a ausentarse unha hora diaria de traballo ao inicio ou ao final da xornada.** Pódese fraccionar usando media hora ao inicio da xornada e a outra media ao final da xornada.
 - b. **Acumulalo total ou parcialmente en xornadas completas nun permiso retributivo de catro semanas** e usalo en calquera momento despois do remate do permiso por parto, adopción ou acollemento. No caso de xornadas completas, tenderase a que sexan, **como mínimo, períodos de dúas semanas.**
- En caso de non optar pola acumulación, e **se hai conflito entre os dereitos do alumnado e do profesorado, a hora de ausencia terase que gozar no horario complementario fixo.**
- **Terán dereito a este permiso as dúas persoas proxenitoras.**
- **Permiso intransferible dunha a outra persoa proxenitora.**
- **Nos supostos de adopción e acollemento, o dereito ao permiso por lactación pode exercerse durante o ano seguinte á efectividade da resolución xudicial ou administrativa de adopción ou acollemento, sempre que no momento desa efectividade o/a menor non teña feitos os 12 meses.**
- **Nos supostos de parto, adopción ou acollemento múltiple, a duración do permiso por lactación incrementarase** en proporción ao número de fillos/as.
- **O persoal substituto** pode acumular a hora de lactación e a gozar os días, en proporción aos servizos prestados, desde que remate o permiso por parto ou adopción ou acollemento ata que finalice o curso escolar ou o fillo ou filla faga os 12 meses.

Referencias legislativas

- Artigo 112 da Lei 2/2015
- Artigo 7 da Orde 29/01/16
- Artigo 3, Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo

8. Permiso por nacemento de fillos/as prematuros/as ou que por calquera causa deban permanecer hospitalizados tras o parto

- **Dereito a ausentarse do posto de traballo un máximo de dúas horas diarias**, mentres dure o período de hospitalización, **coa percepción íntegra das súas retribucións**.
- Así mesmo, **nestes mesmos casos, o persoal funcionario ten dereito a unha redución da súa xornada con diminución proporcional das súas retribucións**, que poderá gozarse tamén a partir da alta hospitalaria mentres a filla ou fillo prematuro precise coidados, polo tempo que determine o informe médico.
- Mentres a filla ou fillo prematuro permaneza no centro hospitalario, **podrá facerse uso acumulado dos dereitos previstos nos parágrafos 1 e 2**, coas repercusións retributivas que en cada caso se indican.
- Se hai **conflito entre os dereitos do alumnado e do profesorado**, as horas de ausencia teranse que gozar no horario complementario fixo.
- Para estes efectos, teranse en conta os internamentos hospitalarios iniciados durante os trinta días naturais seguintes ao do parto.

Referencias lexislativas

- Artigo 113 da Lei 2/2015
- Artigo 8 da Orde 29/01/16

9. Permiso parental para o coidado de fillo, filla ou menor acollido/a

- **Permiso non retribuído para o coidado de fillo, filla ou menor acollido/a** por tempo superior a un ano, ata o momento en que o/a menor faga oito anos.
- Terá unha **duración non superior a oito semanas**, que **poden gozarse de xeito continuo ou discontinuo**.
- **Poderá gozarse a tempo completo ou en réxime de xornada a tempo parcial**, cando as necesidades do servizo o permitan e conforme os termos que regulamentariamente se establezan.
- Este permiso constitúe un **dereito individual das persoas proxenitoras**, adoptantes ou acolledoras, homes ou mulleres, **sen que poida transferirse o seu exercicio**.
- **A solicitude deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días** e deberá gozarse por semanas completas.
- A súa **concesión estará suxeita ás necesidades do servizo**.
- **Cando concorran en ambas as persoas proxenitoras**, adoptantes ou acolledoras, pola mesma persoa e feito causante, as circunstancias necesarias para ter dereito a este permiso nas que o gozo do permiso parental no período solicitado altere seriamente o correcto funcionamento da unidade da administración na que ambas presten servizos, esta poderá aprazar a concesión do permiso por un período razoable, xustificándoo por escrito e despois de ofrecer unha alternativa de gozo máis flexible.
- Para os efectos do disposto neste artigo, **o termo de «nai biolóxica» inclúe tamén as persoas trans xestantes**.

Referencias legislativas

- Artigo 128 do Real decreto Lei 5/2023
- Artigo 2 do Real decreto Lei 5/2025
- Artigo 42 da Lei 5/2025

10. Permiso para acompañamento a consultas médicas incluídas no sistema sanitario público e por deber inescusable

- **Permiso retribuído.**
- **Duración: o tempo necesario.**
- Necesítase **xustificación de asistencia.**
- **Causa do dereito:**
- **Acompañamento a consultas médicas de fillo/a menor de idade.**
- **O acompañamento de fillos/as maiores de idade,** sempre e cando se acredite que padecen limitacións físicas ou psíquicas que lles impiden asistir sós.
- **Acompañamento para probas diagnósticas con dificultade** ou por consello médico.
- **Deberes de carácter inescusable,** como asistencia ás titorías do centro escolar a que asisten os seus fillos ou fillas ou menores ao seu cargo.

Referencias legislativas

- Artigo 113 da Lei 2/2015
- Artigo 8 da Orde 29/01/16



1. Risco durante o embarazo ou durante o período de lactación natural de menor de 12 meses

- Licenza **retribuída integramente**.
- **Cando non sexa posible o cambio de posto ou funcións** así como das condicións de traballo por non poder eliminar o risco da funcionaria embarazada, poderá gozar dunha licenza polo tempo necesario.
- **Aplícase a mesma licenza no caso de lactación natural**.

Referencias legislativas

- Artigo 126 da Lei 2/2015
- Artigo 25 da Orde 29/01/16

2. Hospitalización prolongada

- **Licenza sen retribución**.
- Para casos de **enfermidade grave ou que implique repouso domiciliario**, pódese gozar unha licenza de **ata un mes de duración**.

Referencias legislativas

- Artigo 131 da Lei 2/2015
- Artigo 28 da Orde 29/01/16



Mantente ao día nas nosas redes!
@ccooensino



1. Coidado de fillos/as

- **Excedencia non retribuída.**
- A duración da excedencia é dun **máximo de tres anos**.
- **O tempo empeza a contar dende a data de nacemento** ou, en caso de adopción ou acollemento, da efectividade da resolución xudicial ou administrativa.
- **Os/as fillos/as maiores de 3 anos que non poidan valerse en por si, e non desempeñen actividade retribuída tamén xeran o dereito a esta excedencia.**
- **Pode gozarse de forma fraccionada.**
- **Cando concorren dúas persoas no exercicio deste dereito, polo mesmo feito causante, a Administración pode limitar o seu exercicio simultáneo.**
- **Poderanse desempeñar outras actividades retribuídas suxeitas a autorización previa e cumprimento da normativa de incompatibilidade.**
- **Pódese participar en cursos de formación.**
- **Reserva do posto de traballo:**
 - **O persoal interino** ten dereito á reserva do posto mentres non sexa cesado.
 - Ao **persoal provisional** manteráselle o posto mentres dure o seu nomeamento.
 - O **persoal definitivo** gozará da reserva do seu posto.
- **O tempo en excedencia compútase para os efectos de trienios, carreira e dereitos no seu réxime de seguridade social.**

Referencias legislativas

- Artigo 176 da Lei 2/2015
- Artigo 89.4 do Real decreto legislativo 5/2015



1. Coidado de familiares por enfermidade moi grave

- **Retribuída integramente.**
- **Duración dun mes (excepcionalmente, dous meses** en casos de extrema gravidade).
- En **períodos mínimos de sete días.**
- **Redución máxima da metade da xornada.**
- **Causa do dereito: enfermidade moi grave.**
- **Se hai máis dun titular deste dereito, poderase ratear o tempo entre esas persoas.**

Referencias lexislativas

- Artigo 106.1.a da Lei 2/2015.
- Artigo 30.1 da Lei 7/2007 do EBEP

2. Coidado de fillo/a menor afectado/a por cancro ou outra enfermidade grave

- **Retribuída integramente.**
- **Duración:** o tempo que dure a hospitalización, incluída a hospitalización a domicilio, e como máximo ata que o menor faga os 18 anos.
- **Redución mínima da metade da xornada.**
- **Causa do dereito:** cancro (tumores malignos, melanomas e carcinomas) ou calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración ou hospitalización a domicilio das mesmas características, e requira a necesidade do seu coidado directo continuo e permanente acreditado polo informe do Servizo de Saúde correspondente.
- **Requisito:** que ambas as persoas proxenitoras traballen.
- **Cando concorren ao mesmo dereito ambas as persoas proxenitoras, só unha delas poderá exercelo con retribucións íntegras.**

Referencias lexislativas


- Artigo 106.1.b da Lei 2/2015
- Artigo 30.2 da Lei 7/2007 do EBEP

3. Garda legal

- **Redución dun terzo ou da metade da xornada.**
- Con **diminución proporcional de retribucións** en función da redución de xornada.
- **Causa do dereito:** por garda legal dun **menor de 12 anos.**
- **Pode eximir da obriga de impartir docencia algún(s) día(s) da semana.**
- A redución de xornada será **proporcional entre o horario lectivo e o complementario de permanencia.**
- **Pode acumularse co permiso por lactación.**

Referencias legislativas

- Art. 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril
- Art. 32.1 da Orde do 29 de xaneiro de 2016



DEDUCIÓNS, PRESTACIÓNS E AXUDAS

1. Dedución estatal por maternidade

- **Ámbito estatal.**
- **Beneficiarios/as e requisitos:**
 - **Nais traballadoras** con alta nalgún réxime de seguridade social ou mutualidade e con **fillos/as menores de 3 anos**.
 - No caso de adopción ou acollemento, os tres anos posteriores á inscrición da adopción ou acollemento no Rexistro civil ou a partir da data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.
- **Contía: 1200 € anuais**, pódese percibir de **dúas formas**:
 - Transferencia bancaria de **100 € ao mes** por cada fillo/a
 - **Dedución de 1200 € na declaración do IRPF**

Normativa

2. Dedución autonómica por nacemento ou adopción de fillos/as

- **Ámbito autonómico.**
- **Beneficiarios/as e requisitos:** por cada fillo/a nacido ou adoptado polo contribuínte no exercicio fiscal no que naceu e nos dous inmediatamente seguintes.
- **Contía:** de 300 a 360 € en función da base imponible de cada contribuínte polo primeiro fillo/a, 1200 € en caso do segundo fillo/a e 2400 € en caso do terceiro.
- **Determinados supostos:**
 - **Parto múltiple:** 360 € por cada fillo/a.
 - **Residentes en concellos de menos de 5000 habitantes:** 20 % de incremento na dedución.
 - **Discapacidade de fillo/a nado ou adoptado igual ou superior a 33 %:** duplícanse as axudas.

Normativa

3. Dedución autonómica por familias de dous ou máis fillos/as

- **Ámbito autonómico.**
- **Beneficiarios/as e requisitos:** contribuínte con dous fillos/as e contribuíntes que posúan título de familia numerosa.
- **Contías:**
 - Contribuínte con dous fillos/as: 250 €.
 - Se posúe título de familia numerosa:
 - Familias de ata dous fillos/as, 250 €, agás que teñan título de categoría especial, que será de 400 €.
 - Familias con máis de dous fillos/as, 250 € adicionais por cada descendente.
- **Determinados supostos:** se o/a contribuínte, ou a súa descendencia, teñen un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, duplicase a contía das deducións.

[Normativa](#)

4. Dedución autonómica por acollemento

- **Ámbito autonómico.**
- **Beneficiarios/as:**
- Por cada menor en réxime de acollemento familiar simple, permanente, provisional ou preadoptivo, administrativo ou xudicial.
- **Requisitos:**
 - Non dará lugar á dedución por acollemento familiar preadoptivo cando se produza a adopción da/o menor durante o período impositivo.
 - No acollemento de menores por matrimonio ou parellas de feito, o importe da dedución ratearase por partes iguais na declaración de cada un deles, se optaren por declaración individual.
- **Contía:** 300 €.

[Normativa](#)

5. Dedución autonómica por coidado de fillos/as

- **Ámbito autonómico.**
- **Beneficiarios/as:**
 - Por fillos/as que teñan 3 anos ou menos deixados ao coidado dunha persoa empregada do fogar ou dunha escola infantil 0-3.
- **Requisitos:**
 - Que ambos os dous pais realicen unha actividade por conta propia ou allea, pola que estean dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade.
 - Que, no caso de que a dedución sexa de aplicación por gastos dunha persoa empregada do fogar, esta estea dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
 - Cando máis dun contribuínte teña dereito á aplicación desta dedución respecto dos mesmos descendentes, o seu importe será rateado entre eles.

Contía: 30 % das cantidades satisfeitas para o coidado dos menores, cun límite de 400 € (600 € se son dous ou máis fillos).

Normativa

6. Dedución autonómica por adquisición de libros de texto e material escolar

- **Ámbito autonómico.**
- **Beneficiarios/as:** dedución para adquisición de libros de texto editados para Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria e Educación Especial, así como do material escolar para os ditos niveis educativos, para descendentes matriculados en centros docentes sostidos con fondos públicos.
- **Ámbito autonómico.**
- **Beneficiarios/as:** dedución para a adquisición de libros de texto editados para Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria e Educación Especial, así como do material escolar para os ditos niveis educativos, para descendentes matriculados en centros docentes sostidos con fondos públicos.
- **Requisitos:**
 - Renda per cápita da unidade familiar igual ou inferior a 30 000 € anuais.
 - Incompatible con outras axudas similares, en particular coas axudas do fondo solidario de libros de texto ou da percepción de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar da consellería competente en materia de educación.
- **Contía:** ata 150 €.

Normativa

7. Prestación económica por parto ou adopción múltiple

- **Ámbito estatal.**
- **Beneficiarios:** axuda económica de pagamento único da Seguridade Social (en caso de persoal interino e persoal laboral) ou MUFACE (en caso de funcionarios en prácticas ou carreira) nos supostos de parto ou adopción múltiple (dous ou máis fillos/as).
- **Contía:**
 - **2 fillos/as nacidos/as:** 4 veces o importe mensual do SMI.
 - **3 fillos/as nacidos/as:** 8 veces o importe mensual do SMI.
 - **4 fillos/as nacidos/as ou máis:** 12 veces o importe mensual do SMI.
- **Determinados supostos:**
 - Se algún dos fillos/as nace cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %, computa o dobre.
 - Cando concorran en ambas as persoas proxenitoras ou adoptantes as circunstancias necesarias para teren a condición de beneficiarios/as, o dereito a percibir a prestación só poderá ser recoñecido en favor dun deles.

- A prestación é incompatible coa percepción, por parte dos proxenitores ou adoptantes ou, se for o caso, dos acolletores, de calquera outra prestación análoga establecida nos restantes réximes públicos de protección social.

[Normativa de MUFACE](#) · [Normativa da Seguridade Social](#)

8. Prestación económica por nacemento ou adopción de fillos/as en supostos de familias numerosas, monoparentais e en casos de persoas proxenitoras con discapacidade

- **Ámbito estatal.**
- **Beneficiarios:**
 - Familias numerosas ou que, con tal motivo, adquiren a dita condición.
 - Familias monoparentais.
 - Persoas proxenitoras que padezan unha discapacidade igual ou superior ao 65 %.
- **Ámbito estatal.**
- **Beneficiarios:**
 - Familias numerosas ou que, con tal motivo, adquiren dita condición.
 - Familias monoparentais.
 - Persoas proxenitoras que padezan unha discapacidade igual ou superior ao 65 %.
- **Requisitos:**
 - Os/as menores teñen que convivir e depender economicamente das persoas beneficiarias e estas teñen que residir legalmente en territorio español.
 - Esta prestación está condicionada polo límite de ingresos familiar, que se establece anualmente.
- **Contía:** 1000 € aboados en pagamento único.
- **Determinados supostos:**
 - Cando concorran en ambas as persoas proxenitoras ou adoptantes as circunstancias necesarias para ter a condición de beneficiarios/as, o dereito a percibir a prestación sólo poderá ser recoñecido en favor dunha delas.
 - A prestación é incompatible coa percepción, por parte das persoas proxenitoras ou adoptantes ou, se for o caso, dos acolletores, de calquera outra prestación análoga establecida nos restantes réximes públicos de protección social.

[Normativa](#)

9. Prestación económica por fillo/a ou menor en acollemento con discapacidade

- **Ámbito estatal.**
- **Beneficiarios/as:** axuda económica da Seguridade Social (en caso de persoal interino e persoal laboral) ou MUFACE (en caso de funcionarios/as en prácticas ou carreira), por fillo, filla ou menor en acollemento con discapacidade, que se establece en función da súa idade, do grao de discapacidade e da necesidade do concurso doutra persoa.

- **Requisitos:**
 - Nais, pais e persoas a cargo de menores cunha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou maiores de idade con discapacidade superior a 65 %.
 - Persoas con discapacidade en situación de orfandade ou abandono total que realicen a solicitude para si mesmas e reúnan os requisitos de idade e discapacidade indicados.
- **Contía:** para o ano 2026, as contías son as seguintes:
 - **MODALIDADE 1:** menor de 18 anos cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, 83,33 €/mes.
 - **MODALIDADE 2:** maior de 18 anos cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, 496,90 €/mes.
 - **MODALIDADE 3:** maior de 18 anos cun grao de discapacidade do 75 % ou superior e necesidade de terceira persoa, 745,20 €/mes.

[Normativa de MUFACE](#) · [Normativa da Seguridade Social](#)

10. Tarxeta benvida

- **Ámbito autonómico.**
- **Beneficiarios:**
 - As mulleres durante o embarazo, a partir da semana 21 de xestación.
 - As persoas que acaben de ter un bebé, adopten, acollan con carácter permanente ou asuman a custodia con fins adoptivos de nenos de ata 3 anos.
- **Requisitos:**
 - Ter residencia habitual en Galicia.
 - É requisito que a renda da unidade familiar non supere os 45 000 €. De ser superior, a renda per cápita non deberá superar os 13 500 €.
- **Contía:**
 - Durante o primeiro ano, 1200 €.
 - Se o fillo ou filla que nace é o terceiro ou algún dos seguintes, a contía será de 2400 €.
 - Cando o bebé cumpre 1 ano, a Xunta de Galicia comproba de novo a renda da unidade familiar por se houberse variacións, e, se a renda é igual ou inferior a 22000 € teñen dereito á extensión da Tarxeta Benvida durante o segundo e terceiro ano, coas seguintes contías (as contías aumentan nun 25 % para as familias que viven en concellos de menos de 5000 habitantes):
 - a. 600 €/ano polo 1º fillo/a
 - b. 1200 €/ano polo 2º fillo/a
 - c. 2400 €/ano polo 3º fillo/a ou seguintes

[Normativa](#)

11. Gratuidade de escolas infantís

- **Ámbito autonómico.**
- **Beneficiarios/as:** as escolas infantís de 0-3 son gratuítas, tanto as públicas como as privadas, para todos os nenos e nenas de 3 meses a 3 anos.

- **Requisitos:** familias con nenos de entre 3 meses a 3 anos que estean inscritos nalgunha escola infantil de Galicia adherida ao programa da gratuidade.
- **Contía:** a gratuidade aplícase aos custos do servizo de educación infantil (actividade realizada dentro da aula en horario ordinario), pero non aos servizos complementarios, como os de comedor ou calquera outro que ofrezca o centro.

Normativa

12. Bono concilia familia

- **Ámbito autonómico.**
- **Beneficiarios:** axuda directa que contribúe a financiar servizos de conciliación contratados por familias con nenos e nenas de 4 a 13 anos que teñan a súa residencia en Galicia e precisen dun recurso para cubrir necesidades puntuais de conciliación polas obrigas laborais, persoais ou as responsabilidades familiares (períodos de vacacións escolares, situacións puntuais de carácter laboral, etc.).
- **Requisitos:**
 - Residir en Galicia
 - Ter un fillo ou filla de entre 4 e 13 anos.
 - Que ambas as persoas proxenitoras traballen no período solicitado (ou un no caso de familias monoparentais).
- **Contía:** a axuda cobre ata o 75 % do servizo; pero amplíase ata o 100 % para as familias de especial consideración (numerosas, monoparentais, acolledoras, con garda con fins adoptivos, con fillos/as con discapacidade superior ao 33 % e vítimas de violencia de xénero). En todos os casos aplican estas contías máximas:
 - 500 € por unidade familiar para contratar coidados a domicilio.
 - 200 € por cada fillo/a no caso de asistencia a campamentos ou servizos de conciliación colectivos autorizados pola Consellería de Política Social e Igualdade.

Normativa



1. Recoñecemento de días por parto como tempo cotizado/servizos para os efectos de xubilación e incapacidade permanente

- **Tempo recoñecido:** ata 112 días por cada parto dun só fillo ou filla. No caso de ser parto múltiple, 14 máis por cada fillo/a a partir do segundo.
- **Requisito:** non ter cotizado durante o período de permiso por parto.

Referencia legislativa

- Artigo 235 do Real decreto lei 8/2015

2. Recoñecemento de períodos por coidado de fillos/as menores como tempo cotizado/servizos

- **Tempo recoñecido:** ata 270 días por fillo/a ou menor adoptado ou acollido
- **Requisitos:**
 - Interrupción da cotización por extinción de relación laboral ou finalización do cobramento de prestacións por desemprego.
 - É imprescindible que estas circunstancias se producisen entre os nove meses anteriores ao nacemento (ou tres meses anteriores á adopción ou acollemento) e a finalización do sexto ano posterior a esa situación.
- **Determinados supostos:**
 - Este beneficio pode recoñecerse a calquera das persoas proxenitoras.
 - En caso de controversia, o dereito teno a nai.
 - Este recoñecemento está limitado a un máximo de cinco anos por beneficiario/a.
 - Esta limitación aplícase tamén cando concorra co beneficio de ata tres anos por excedencia en razón do coidado de cada fillo/a ou menor.

Referencia legislativa

- Artigo 236 do Real decreto lei 8/2015.

3. Complemento para a redución da fenda de xénero

- **Beneficiarios/as:** pensionistas de xubilación ordinaria, viuvez ou incapacidade permanente que tiveran fillos/as ao longo da súa vida.
- **Requisitos:**
 - Acceder á situación de pensionista de xubilación ordinaria, viuvez ou incapacidade permanente a partir do 4 de febreiro de 2021.
 - Ter polo menos un/ha fillo/a.
 - Concédese preferentemente á nai ou á persoa proxenitora que acredite un maior prexuízo profesional.
- **Contía:**
 - Complemento que se percibe mensualmente xunto coa pensión, máis dúas pagas extraordinarias (xuño e setembro).
 - No ano 2026 ascenderá a 36,90€ por fillo/a.
 - A contía actualízase anualmente coa mesma porcentaxe de suba das pensións.

Referencia legislativa

- Real decreto lei 3/2011, de 2 de febreiro.

Só en caso de IT: solicita a alta

- Podes pedila ao teu médico coa data do día do parto
- **Funcionaria de carreira:** leva impreso o parte de alta de MUFACE

Solicita o parte de maternidade

- Podes pedilo ao teu médico
- **Funcionaria de carreira:** leva impreso o parte de maternidade de MUFACE

Avisa ao teu centro de traballo

- Para facilitar o trámite de continuación do substituto/a

Rexistra ao neonato

- Podes facelo no propio centro hospitalario

Solicita o permiso de maternidade

- A través da sede electrónica á unidade de persoal da provincia onde prestas servizos
- Achega o parte de maternidade, libro de familia ou equivalente

Funcionaria de carreira ou prácticas

Se o desexas, podes incluír ao bebé como beneficiario das prestacións de MUFACE

Func. interina, substituta ou persoal laboral

Solicita no INSS presencialmente ou online a prestación por maternidade ou doutra persoa proxenitora

- **Real decreto 295/2009**, de 6 de marzo, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema de seguridade social por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural.
- **Lei 2/2015, do 29 de abril**, do emprego público de Galicia, modificada pola lei de medidas fiscais e administrativas dos anos 2017 e 2018.
- **Real decreto lexislativo 5/2015**, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- **Orde do 29 de xaneiro de 2016**, pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Orde do 24 de febreiro de 2016**, pola que se amplía a Orde do 29 de xaneiro de 2016, pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Lei 3/2018**, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- **Real decreto lei 6/2019**, de 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación.
- **Real decreto lei 5/2023**, de 28 de junio, polo que se adoptan e prorrogan determinadas medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra de Ucraína, de apoio á reconstrución da illa de La Palma e a outras situacións de vulnerabilidade; de transposición de directivas da Unión Europea en materia de modificacións estruturais de sociedades mercantís e conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores; e de execución e cumprimento do dereito da Unión Europea.
- **Real decreto lei 9/2025**, de 29 de xullo, polo que se amplía o permiso de nacemento e coidado.
- **Lei 5/2025**, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Novos permisos de conciliación

Vixentes desde o 1 de xaneiro de 2026



	Nai ou adoptante	Outro/a proxenitor/a	Monoparental
	22 semanas	19 semanas	32 semanas
Seguidamente ao feito causante <ul style="list-style-type: none">• Parto, adopción, acollemento ou garda• Semanas continuas• A tempo completo	6	6	6
Antes dos doce meses <ul style="list-style-type: none">• Contando dende o feito causante	14	11	22
Antes dos oito anos <ul style="list-style-type: none">• Contando dende o feito causante• Para todos os feitos causantes dende o 2 de agosto de 2024• Independentes do permiso non retribuído de oito semanas	2	2	4
Discapacidade de fillo/a	+1 semana por proxenitor/a		
Parto múltiple		+1 semana por proxenitor/a por cada fillo/a a partir do segundo	
			Parto prematuro ou hospitalización de fillo/a Tantos días como tempo de hospitalización Máximo 13 semanas

O Barco

Praza do Concello, 2
988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2
981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María, 42-44
981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla, 58
982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería, 1
986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro, 12
988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Ribadeo

Avenida de Galicia, 20
679 147 726
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Santiago

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8
981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras, 11
986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

Vilagarcía

Rúa Alexandre Bóveda, 2
986 502 000
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Viveiro

Rúa Alfredo García Dóriga
982 561 001
scensino.lugo@galicia.ccoo.es



ensino

O poder de cambiar as cousas

ccoensino.gal

